

# A PRINCESA PROMETIDA

Rob Reiner, 1987

# 564

**PASES ÚNICOS EN NUMAX:** 12, 13 e 17 de xullo | V.O.S.E.

*The Princess Bride* (1987, 98')

**Dirección:** Rob Reiner

**Guión:** William Goldman

**Elenco:** Robin Wright, Cary Elwes, Mandy Patinkin, Chris Sarandon, Christopher Guest, Wallace Shawn, André the Giant, Fred Savage, Peter Falk, Peter Cook, Mel Smith, Carol Kane, Billy Crystal, Anne Dyson, Margery Mason, Malcolm Storry, Willoughby Gray, Betsy Brantley, Paul Badger

**Dirección de arte:** Keith Pain

**Vestuario:** Phyllis Dalton

**Montaxe:** Robert Leighton

**Música:** Mark Knopfler

**Fotografía:** Adrian Biddle

**Produtora:** Act III Communications / Buttercup Films Ltd.

**Distribuidora:** 39 Escalones

**Formato de proxección:** DCP2K, 1.85:1

**Idioma orixinal:** Inglés

## PREMIOS E FESTIVAIS

Toronto 1987 (Premio do Público á mellor película)

## FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

*Shock & Awe*, 2017

*A la sombra de Kennedy*, 2016

*Book of Shadows*, 2008

*Ahora o nunca*, 2007

*Fantasma del pasado*, 1996

*El presidente y Miss Wade*, 1995

*Misery*, 1990

*Cuando Harry encontró a Sally*, 1989


*Cuenta conmigo*, 1986

## SINOPSE

Despois de buscar fortuna durante cinco anos, Westley retorna á súa terra para casar coa súa amada, a fermosa Buttercup, á que xurara amor eterno. Porén, para recuperala terá que enfrontarse a Vizzini e os seus esbirros. Unha vez derrotados, terá que superar o peor dos obstáculos: o príncipe Humperdinck pretende desposar a Buttercup, malia que ela non o ama, pois segue namorada de Westley.

«Ten dozura e sinceridade, e cando se trata de contos de fadas, esas son características importantes»

Janet Maslin, THE NEW YORK TIMES



# A PRINCESA PROMETIDA

Rob Reiner, 1987

EUROPA CINEMAS  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

## Como desexes

Por Emilio Luna

Anos oitenta. É a década onde un mozo e diminuto mago deben salvar a Elora Danan das gadoupas dunha ambiciosa bruxa (*Willow*, Ron Howard, 1988); é o momento no que un mociño loitará por evitar a noite eterna (*Legend*, Ridley Scott, 1985); é a época do Reino da Fantasía (*A historia interminábel*, Wolfgang Petersen, 1984) e dun mestre na arte narrativa (*The Storyteller*, Jim Henson, 1988); é período de labirintos e feitiçeiros (*Dentro do Labirinto*, Jim Henson, 1986) e de máxicas figuras dos bosques (*Cristal Escuro*, Jim Henson & Frank Oz, 1982). Os anos oitenta son tempos de maxia e fantasía cinematográfica. Entre todas estas grandes historias florece un soño inherente ao espectador. Ese onde o príncipe atopa a princesa. Unha das grandes obras do xénero que ten por título *A princesa prometida*.

William Goldman, afamado escritor e guionista, adaptou de maneira suavizada o seu propio conto á pantalla. Concibida como unha fábula mitolóxica, *A princesa prometida* converteuse de maneira instantánea nun clásico atemporal malia

a frouxa recadación norteamericana. Un éxito que medrou coa televisión converténdoa nun dos fitos de aventuras dos anos oitenta. Todo grazas a un desenfadado estilo e unha encantadora posta en escena. Goldman soubo reciclar un dos grandes relatos de fantasía contemporáneos conquistando a público de todas as idades década tras década.

O amor entre a princesa Buttercup (Robin Wright) e o mozo aventureiro Westley (Cary Elwes) é moito máis que un simple relato romántico. Cheo de ironía e sarcasmo, o filme, ademais dunha desmitificación do xénero, garda notábeis paralelismos coa prosa mitolóxica grega. Desde a beleza feminina da protagonista até o radiante epílogo, pasando por elementos como a superación da morte, a presenza de criaturas sobrenaturais ou o factor fortuna no reencontro, que converten o filme dirixido por Rob Reiner nunha versión xuvenil de *Orfeo e Eurídice* e a William Goldman no Xenofonte de Éfeso do século XX. Todo complementado co humor típico da literatura fantástica anglosaxoa e o completo retrato de personaxes secundarios, que converten á Princesa Prometida nun carrusel de sorpresas.

Personaxes tópicos, próximos ao absurdo, pero debuxados con graza e detalle fan especial cada momento do filme. O valeroso Iñigo Montoya (Mandy Patinkin); o enorme e xentil loitador otomán Fezzik (André René Roussimoff);

o desapiadado e egocéntrico siciliano Vizzini (Wallace Shawn); o pusilánime monarca Humperdinck (Chris Sarandon) ou o simpático curandeiro Max O Milagreiro (Billy Crystal); todos conforman un mundo que cada crianza gardou sempre na súa imaxinación con diferentes nomes e formas pero similar esencia. A lenda de Westley e Buttercup traslada o país de Florín á nosa mente. Un mundo que arraigará na nosa memoria para sempre. Algo que tamén ocorre coa música do filme a cargo do guitarrista Mark Knopfler.

Rodada en diversos lugares británicos e irlandeses, a romántica partitura composta polo membro de Dire Straits cobra vida propia protagonizando os mellores momentos da longametraxe. Composición orixinal que foi premiada cun nomeamento aos Oscar. Un marco incompábel para unha historia inesquecibel. Como o neto atento (Fred Savage) ante a narración do avó (Peter Falk), o espectador mantense encandeado ante un conto que ten un final. Un final onde triunfa o amor, onde afloran os nosos anhelos, onde desexamos ser o destro espadachín Westley ou a princesa Buttercup. Ese día en que descubrimos con asombro que cando el/ela dicía «como desexes» en realidade significaba «ámote».

Publicado en [www.elantepenultimomohicano.com](http://www.elantepenultimomohicano.com)  
Tradución: Olalla Cocifia Lozano

### NA LIBRARÍA NUMAX

*La princesa prometida* (Pack con bolsa)  
Rob Reiner. Ático de los libros, 2005

## NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

# MARTA XA TEN O SEU ABONO COLABORA

## E ti, a que agardas para abonarte?



Se ti xa es de NUMAX  
e queres compartilo,  
fai unha foto co teu  
abono e compártea.  
#eusondenumax

